

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 17 de febreiro de 2014 pola que se convoca o Curso técnico sobre cambios e novidades lexislativas en materia de avaliación ambiental. Normativa estatal e autonómica.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2014 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócase, en colaboración con Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia, e segundo o convenio asinado entre ambos os dous organismos o día 16.10.2013, o Curso técnico sobre cambios e novidades lexislativas en materia de avaliación ambiental. Normativa estatal e autonómica, conforme ás seguintes bases:

1. Obxectivos.

A lexislación ambiental que regula a tramitación ambiental de proxectos, plans e programas sufriu cambios fundamentais no mes de decembro, coa publicación de dúas novas leis, de ámbito estatal e autonómico, que modifican tanto o contido da documentación de carácter ambiental coma a tramitación destes traballos ante as administracións públicas.

Así, a Lei 21/2013 unifica a Lei 9/2006, sobre avaliación dos efectos de determinados programas sobre o ambiente e o Real decreto lexislativo 1/2008 polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos. Deste xeito establece un esquema similar para a avaliación ambiental estratéxica (AAE) e para a avaliación de impacto ambiental (AIA) e unifica a terminoloxía empregada.

Por outra parte, a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, derroga o capítulo correspondente á avaliación de incidencia ambiental da Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia, e os decretos 442/1990, de avaliación de impacto ambiental para Galicia e 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. Ademais, esta lei suprime a necesidade da licenza municipal de actividade e establece un réxime de comunicación previa.

Estes cambios lexislativos afectan a proxectos, plans, programas e a apertura ou modificación de actividades existentes. Ademais, a lexislación de ordenación do territorio e



urbanismo tamén recolle a tramitación ambiental. Por este motivo, é preciso que os promotores, profesionais e técnicos municipais coñezan as novidades de man dos técnicos das administracións públicas responsables da súa tramitación.

O maior coñecemento destes cambios fará que o alumno que realice este curso poida colaborar co promotor na tramitación ambiental dos traballos.

2. Contidos.

– Contido da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

– Terminoloxía utilizada na nova lexislación.

– Procedementos administrativos de proxectos, plans e programas.

3. Destinatarios.

– Técnicos que realicen proxectos ou participen na súa redacción, que queiran ampliar os seus coñecementos sobre a lexislación ambiental de aplicación en cada tipo de proxecto, e que queiran achegar un elemento de valor ao promotor, participando na tramitación da avaliación ambiental do traballo coñecendo os trámites administrativos que han de realizarse.

– Promotores interesados en emprender unha actividade ou modificar a existente.

– Responsables técnicos municipais, que queiran ver a aplicación práctica da lexislación recentemente aprobada.

– Estudantes universitarios que desexen completar a súa formación en temas ambientais.

4. Desenvolvemento.

Este curso técnico desenvolverase na aula número 5 da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) o día 13 de marzo de 2014, das 9.30 ás 14.00 horas e das 16.00 ás 19.00 horas.

Duración: este curso técnico terá unha duración de 7 horas lectivas.



5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

6. Solicitudes e pagamento.

A inscrición e o pagamento da matrícula deberán formalizarse a través do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia (<http://www.ciccpgalicia.es>).

7. Prazo de inscrición e presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes finalizará o martes 11 de marzo de 2014.

8. Certificado de aproveitamento.

Entregarase un certificado de aproveitamento a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente e sempre que a súa asistencia sexa igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán de forma expresa o contido, a data e o lugar de realización deste curso técnico.

9. Modificacións e incidencias.

A EGAP e o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia resérvanse a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento deste curso técnico, así como a facultade de cancelalo se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2014

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

